

PROXECTO EDUCATIVO

CPI de Cova Terreña



Aprobado polo Claustro: 02 de setembro de 2025

Aprobado polo Consello Escolar: 30 de setembro de 2025

1. Introducción.....	3
2. Identificación e localización do centro.....	4
3. Órganos de goberno.....	5
3.1 Órganos unipersoais: Equipo Directivo.....	5
3.2 Órganos colexiados.....	5
Departamentos didácticos.....	7
Coordinacións de ciclos en Ed. Infantil e Ed. Primaria.....	8
4. Contexto histórico.....	10
5. Contexto social.....	11
6. Valores, fins e prioridades de actuación.....	12
7. Instalacións.....	13
8. Oferta educativa.....	16
9. Centros adscritos.....	17
10. Horario.....	17
11. Persoal.....	18
12. Servizos complementarios.....	18
13. Difusión, avaliación e modificación do PE.....	18
14. Lexislación.....	19
Xeral.....	19
Específica CPI.....	19
Etapas educativas e alumnado.....	19
Convivencia.....	20
Linguas vehiculares nas materias.....	20
Admisión do alumnado.....	21
15. Anexos.....	22

1. Introducción

O Centro Público Integrado (CPI) de Cova Terreña de Baiona (figura 1) conta cun proxecto educativo, que recolle os valores, os fins e as prioridades de actuación fixados e aprobados polo Claustro.



Figura 1. Entrada principal do CPI de Cova Terreña de Baiona

2. Identificación e localización do centro

Denominación	Centro Público Integrado de Cova Terreña
Código do centro	36000247
CIF	S8600035C (VAT ESS8600035C)
OID	E10344267
Enderezo	Rúa Dolores Agrelo, s/n
Concello	36300 Baiona
Provincia	Pontevedra
Teléfono	886120001
Correo-e	cpi.cova.baiona@edu.xunta.gal
Páxina web	http://www.edu.xunta.gal/centros/cpicovaterrena/

O Centro Público Integrado de Cova Terreña é un centro educativo público dependente da consellería con competencia en educación da Xunta de Galicia. Está situado no centro urbano da vila de Baiona (figura 2), no lugar de Covaterreña, unha zona sombría e húmida da vila, condición que afecta ao estado do edificio e das súas instalacións. Atópase ao carón do pavillón municipal e do campo de fútbol do Aral, o que permite unha estreita colaboración entre estas entidades. A comunicación da vila coas poboacións máis próximas é boa, non tanto entre as parroquias do propio concello.



Figura 2. Imaxe aérea das instalacións e da contorna do centro educativo

3. Órganos de goberno

3.1 Órganos unipersoais: Equipo Directivo

- Dirección
- Secretaría
- Xefatura de Estudos de Educación Infantil e Primaria
- Xefatura de Estudos de Educación Secundaria

3.2 Órganos colexiados

Consello escolar

O órgano de representación do centro educativo estará composto por:

- Persoa directora, que exerce a presidencia do consello
- Xefatura de Estudos de Educación Infantil e Primaria
- Xefatura de Estudos de Educación Secundaria
- 6 representantes do Claustro
- 3 representantes das familias, un deles designado pola ANPA
- 3 representantes do alumnado
- 1 representante do Concello de Baiona
- 1 representante do persoal non docente
- Secretaría (con voz e sen voto)

No seo do Consello Escolar constituiranse as seguintes comisións:

- Comisión Económica: velará polo control da xestión económica e o correcto cumprimento do orzamento económico.
- Comisión de Convivencia: informará ao Consello Escolar sobre a aplicación das normas de convivencia así como aqueles outros aspectos relacionados coa mesma. Velará polo correcto exercicio dos dereitos e deberes do alumnado.
- Comisión de Biblioteca ao tratarse dun centro PLAMBE.

Claustro

O Claustro é o órgano propio de participación do profesorado no goberno do centro que ten a responsabilidade de planificar, coordinar, decidir e, se é o caso, informar sobre todos os aspectos pedagóxicos que lle atinxe.

O Claustro reunirase, alomenos, unha vez ao trimestre e en calquera caso haberá unha reunión ao principio do curso e outra ao remate del, sendo a asistencia obrigatoria. En ditas reunións, o profesorado manifestará o seu voto nas cuestións que así o requiran, sen poder absterse.

De cada sesión que celebre o órgano colexiado a Secretaría levantará acta, que especificará necesariamente os asistentes, a orde do día da reunión, as circunstancias de lugar e tempo en que se celebrou, os puntos principais das deliberacións e o contido dos acordos adoptados. Para a recollida textual de intervencións, o participante deberá achegar transcritas as súas verbas na mesma reunión ou nun prazo máximo de 48h, as cales se achegarán á acta.

A súa composición detallada recóllese na [PXA](#) de cada curso escolar.

<https://www.edu.xunta.gal/centros/cpicovaterrena/aulavirtual/course/view.php?id=289>

Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP)

É o órgano de coordinación dos diferentes equipos e departamentos docentes.

A Secretaría será asumida por un membro da comisión, ben voluntario, ben designado pola Dirección, sendo o criterio neste caso a persoa membro da comisión de menor idade, e desempeñará esta función durante dous cursos académicos, ao remate dos cales se renovará a elección.

Do mesmo xeito, as competencias da CCP veñen recollidas no Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro, polo que se implantan e regulan os CPI. Estará composta por:

- Persoa directora, que exerce a presidencia da comisión
- Xefatura de Estudos de Educación Infantil e Primaria

- Xefatura de Estudos de Educación Secundaria
- Coordinación do ciclo Educación Infantil
- Coordinación do 1º ciclo de Educación Primaria
- Coordinación do 2º ciclo de Educación Primaria
- Coordinación do 3º ciclo de Educación Primaria
- Xefatura do Departamento de Artes Plásticas
- Xefatura do Departamento de Ciencias Naturais
- Xefatura do Departamento de Educación Física e Deportiva
- Xefatura do Departamento de Física e Química
- Xefatura do Departamento de Inglés
- Xefatura do Departamento de Lingua Castelá e Literatura
- Xefatura do Departamento de Lingua e Literatura Galega
- Xefatura do Departamento de Matemáticas
- Xefatura do Departamento de Música
- Xefatura do Departamento de Orientación
- Xefatura do Departamento de Relixión
- Xefatura do Departamento de Tecnoloxía
- Xefatura do Departamento de Xeografía e Historia
- Representación do profesorado de apoio ao alumnado con necesidades educativas especiais (ANEE) de Primaria e Secundaria.
- Coordinación Equipo Dinamización Lingüística.
- Coordinación da Biblioteca (PLAMBE).

Departamentos didácticos

Os departamentos didácticos están compostos polo profesorado que imparta o ensino propio das áreas ou materias asignadas ao departamento. Cando algunha materia impartida no centro non estea asignada a un departamento ou ben poida ser impartida por distintos departamentos didácticos e a prioridade da súa atribución non estea establecida pola normativa vixente, a Dirección, por proposta da CCP, adscribirá as ensinanzas a un departamento, sendo este o responsable de resolver todas as cuestións relativas a esa materia.

Asemade as competencias recollidas no Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro, polo que se implantan e regulan os CPI, os departamentos didácticos deberán elaborar o plan anual do departamento e recabar, analizar e informar sobre os resultados académicos do curso vixente e anteriores.

Coordinacións de ciclos en Ed. Infantil e Ed. Primaria

As coordinacións dos ciclos terán as seguintes funcións:

- Elaborar, desenvolver e avaliar, baixo a supervisión da Xefatura de Estudos, as programacións didácticas das áreas para cada un dos cursos, tendo en conta os criterios establecidos pola Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Analizar os resultados académicos acadados polo alumnado nos procesos de avaliación interna e externa, e realizar propostas de mellora dos mesmos.
- Formular propostas á Dirección do centro e ao Claustro para a elaboración do Proxecto Educativo e da Programación Xeral Anual.
- Realizar propostas sobre a selección dos materiais curriculares.
- Formular propostas á Comisión de Coordinación Pedagóxica relativas á elaboración e avaliación da proposta curricular e das programacións didácticas.
- Manter actualizada a metodoloxía didáctica.
- Propoñer, organizar e realizar as actividades complementarias e extraescolares.

Haberá unha coordinación por cada ciclo que preferiblemente será un/unha mestre/mestra definitivo/a con docencia nese nivel por un período de dous anos. Se o equipo docente non chega a un acordo sobre a persoa que debe propoñer, establecerase de forma rotatoria empezando polo docente de máis antigüidade no centro e que leve máis tempo sen ostentar dito cargo ou outro cargo no centro.

A persoa que ostente a coordinación de ciclo exercerá as seguintes funcións:

- a) Convocar e presidir as reunións, establecer a orde do día e levantar acta dos asuntos tratados e dos acordos acadados.
- b) Participar na elaboración da proposta curricular da etapa, elevando á Comisión de Coordinación Pedagóxica os acordos adoptados polo equipo docente.
- c) Coordinar a acción titorial no ciclo correspondente.
- d) Coordinar o proceso de ensino, de acordo coa programación didáctica do curso e a proposta curricular da etapa.
- e) Aquelas outras funcións que lle encomende a Xefatura de Estudos no ámbito das súas competencias, especialmente as relativas ao reforzo educativo, adaptacións curriculares, actividades complementarias e extraescolares e a convivencia escolar.

A persoa que exerza a coordinación de ciclo cesará nas súas funcións ao final do curso escolar do seu mandato (2 cursos académicos) ou ao producirse algunha das causas seguintes:

- a) Renuncia motivada aceptada pola Dirección, oído o equipo docente.
- b) Revogación pola Dirección, por proposta do equipo docente mediante informe razoado, con audiencia do interesado.
- c) Traslado de centro ou outras circunstancias.

Cando cese antes de finalizar o prazo para o que foi nomeado, a Dirección nomeará un docente que o substitúa ata o 30 de xuño, de acordo co procedemento sinalado nestas normas.

4. Contexto histórico

Durante os anos da posguerra, en plena Ditadura, na vila de Baiona só había unha escola para nenos, reservada exclusivamente para varóns.

En 1948 falece dona Dolores Agrelo Martínez, natural de Baíña, sen herdeiros, pois o seu único fillo falecera uns anos antes. Esta muller legou todos os seus bens para a creación dunha Fundación de beneficencia en favor das nenas de Baiona. Como albacea testamentario designou ao que fora o seu mordomo, don Carlos Blanco Durán, quen en 1961 recibe unha notificación da *Junta Municipal de Enseñanza Primaria* pola que desexan dar cumpridos os desexos da benefactora para así crear un colexio para nenas. No testamento, asinado o 25 de novembro de 1947, dona Dolores Agrelo manifesta que a escola deberá atender a nenas de entre 7 e 14 anos, fillas de pais pobres mariñeiros, labradores e artesáns, e que na escola deberán traballar unha directora e un axudante que deberán ser galegos, a ser posible da provincia de Pontevedra.

En xuño de 1962 decídese construír un grupo escolar de catro liñas para nenos, de tres liñas para nenas e un de “párvulos”, ademais dun comedor para 500 escolares e oito vivendas para o profesorado.

Por unha banda, da poxa das súas propiedades realizada en 1967, en tempos do alcalde Manuel Copena Araujo, obtense o diñeiro necesario para adquirir os terreos en que se asenta o actual centro educativo, financiando en parte a construción dos edificios.

Pola outra, o edificio de “párvulos” foi feito coa colaboración das familias que achegaban a man de obra, o material..., e que solicitaban colaboracións de empresas da contorna. Deste esforzo comunitario son testemuña Dona Ramona Marcote e Dona Esperanza Fernández, ambas veciñas de Baiona.

Nos anexos deste documento pódense atopar as actas municipais que refiren a orixe deste centro educativo.

5. Contexto social

A procedencia do noso alumnado é maioritariamente do centro da vila, acollendo ao alumnado do CEIP de Belesar na etapa de Educación Secundaria, tamén contamos coa presenza de alumnado de procedencia estranxeira. Hai unha proporción equilibrada entre alumnos e alumnas que teñen como lingua materna, maioritariamente, o castelán, sendo o galego minimizado en moitas ocasións.

Malia estar situado no centro da vila, moitas familias achéganse nos seus vehículos particulares ao centro nas horas de entrada e saída, xerando graves problemas circulatorios debido ao pouco espazo de aparcamento e manobra, polo que é necesaria a presenza dunha patrulla da Policía Local para a seguridade do alumnado e a organización do tráfico.

6. Valores, fins e prioridades de actuación.

Os principios e fins do centro son os establecidos nos artigos 1 e 2 da Lei Orgánica de Educación e que adaptamos á nosa realidade.

O centro caracterízase e identifícase baixo o seu lema "Axudando a construír persoas", un lema instaurado dende hai anos e que fai referencia a unha formación integradora, respectuosa e transversal en que, aos contidos académicos, súmanse outras aprendizaxes para a vida como a convivencia, o respecto, a igualdade, o autocoñecemento, o benestar emocional...

O fin e o obxectivo principal é sempre o benestar do alumnado atendendo a todos os ámbitos das persoas.

Asemade, o centro prioriza a atención ao alumnado en todos os seus ámbitos, o fomento do papel da muller, a comprensión lectora, o fomento das linguas e o emprego axeitado das novas tecnoloxías.

7. Instalacións

O centro educativo iniciou a súa actividade en febreiro de 1973. Faise un labor importante de mantemento con recursos propios e con outros proporcionados pola administración local (mantemento) e autonómica (investimento).

O edificio foi reformado en 1996 para dar cabida ao alumnado de ESO, pois o centro educativo era inicialmente un centro de Educación Primaria, construíndo a á central para dar cabida a esta etapa educativa xerada pola entrada en vigor da LOXSE.

O edificio foi novamente reformado pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional cun investimento de 1.300.000 € no ano 2020. Dentro das actuacións incluíuse o cambio de cubertas, a impermeabilización de fachadas, a substitución de carpintería metálica con ventás e portas con rotura de ponte térmica, iluminación led, puído de chans, creación de novos espazos e mellora de accesibilidade. Ademais, realizouse a pictografía dos espazos segundo o Manual de Identidade Corporativa con indicadores de espazos.


Desta forma, o edificio principal conta con tres andares nos cales se distribúen a biblioteca, o ximnasio e as aulas, entre outros espazos. Ademais, conta cun pavillón externo de grandes dimensións que está conectado co centro mediante un paso cuberto.


Cómpre destacar que existe un edificio secundario destinado á Educación Infantil que conta con dous andares (nos cales hai un patio exterior con valado).

Para facilitar o acceso, a orientación e a identificación dos espazos, o centro segue un código de cores, está serigrafiado con pictogramas e numerado seguindo un patrón.

RAL 6018 Verde Ala Sur	RAL 2003 Laranxa Ala Norte	RAL 5002 Azul Ala Central	RAL 4001 Violeta Infantil
----------------------------------	--------------------------------------	-------------------------------------	-------------------------------------

Así pois os espazos están pintados en diversas cores, levan unha letra que identifica a ala [N (norte), S (sur), C (central) e I (infantil)], unha primeria cifra [Andar: 0 (planta baixa), 1 (primeiro andar) e 2 (segundo andar)] que identifica o andar e un par de cifras que indica o espazo.





Para máis información poden realizarse consultas na páxina web:
<https://www.edu.xunta.gal/centros/cpicovaterrena/taxonomy/term/2>

Ademais do edificio principal, o edificio secundario e o pavillón, o centro conta con vivendas escolares identificadas cos números de 10 ao 12, cedidas de balde pola Consellería de Educación ao profesorado que imparte docencia no propio centro ou noutros centros do Concello nas etapas de Ed. Infantil ou Ed. Primaria.

8. Oferta educativa

O centro educativo ofrece o 2º ciclo de Educación Infantil e toda a ensinanza obrigatoria: Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria, sendo un centro educativo de liña dobre. Debido á baixa de natalidade xeneralizada, a Educación Infantil ten unha liña única que se está a trasladar á etapa de Educación Primaria. Para consultar a oferta educativa de cada curso escolar pódese ver a [programación xeral anual](#) (PXA) na páxina web.

A esta oferta únense a participación do centro en diversos proxectos e a proposta de diferentes actividades complementarias e extraescolares, todas elas publicadas e actualizadas na súa páxina web, no apartado Proxectos do centro: <https://www.edu.xunta.gal/centros/cpicovaterrena/>.

Dentro da ampla variedade de actividades complementarias e extraescolares, como actividades culturais, que varían dende viaxes de estudos dentro e fóra da comunidade, a saídas pola contorna ou visitas dentro do concello, recollidas todas elas nas programacións de cada materia e curso, dispoñibles para a súa consulta en [PROENS](#) ou no apartado “Actividades complementarias e extraescolares” da PXA do centro, cabe salientar as actividades de coro, teatro e mediación, que fomentan unha mellor convivencia no centro, ás que se suman os clubs asociados a proxectos.

Relación con outros axentes

A nosa comunidade educativa é unha comunidade aberta, mantendo unha actitude de colaboración co resto dos centros docentes do concello e institucións da contorna, que forman parte e contribúen ao proceso educativo; facilitándonos medios e espazos para desenvolver as diferentes propostas de actividades.

9. Centros adscritos

O centro ten adscrito o **CEIP Plurilingüe de Belesar** (36018963), polo que o alumnado procedente deste cursa a Educación Secundaria no noso centro.

Asemade, o centro está adscrito ao **IES Primeiro de Marzo** (36019657), polo que o alumnado ten preferencia ao acceso aos estudos de Bacharelato nese centro.

10. Horario

O horario do centro é de xornada continua de luns a venres e, en concreto, a etapa de Educación Secundaria ten sesións lectivas tamén os luns pola tarde en horario de 16:10h a 17:50h.

Ed.Infantil e Ed.Primaria		Ed.Secundaria	
1ª sesión	8:50 – 9:40	1ª sesión	8:30 – 9:20
2ª sesión	9:40 – 10:30	2ª sesión	9:20 – 10:10
3ª sesión	10:30 – 11:20	3ª sesión	10:10 – 11:00
Hora de ler	11:20 – 11:40	Recreo	11:00 – 11:30
Recreo	11:40 – 12:10	4ª sesión	11:30 – 12:20
4ª sesión	12:10 – 13:00	5ª sesión	12:20 – 13:10
5ª sesión	13:00 – 13:50	6ª sesión	13:10 – 14:00
		7ª sesión (só luns)	16:10 – 17:00
		8ª sesión (só luns)	17:00 – 17:50

O centro permanece aberto o mes de xullo, establecendo un horario de atención ao público de 10h a 13h.

11. Persoal

Pódese consultar na [PXA](#) o cadro completo do persoal do centro educativo.

<https://www.edu.xunta.gal/centros/cpicovaterrena/aulavirtual/course/view.php?id=289>

O persoal de limpeza é externo.

12. Servizos complementarios

O centro conta cunha liña de transporte escolar para trasladar ao alumnado procedente de Belesar e que cursa estudos na etapa de Educación Secundaria.

Os servizos de Aula Madruga e Comedor son xestionados directamente pola ANPA do centro. Ademais, a ANPA oferta unha serie de actividades extraescolares distribuídas ao longo da semana, entre elas cociña, danza, pintura e debuxo ou coro.

Contacto: <https://www.edu.xunta.gal/centros/cpicovaterrena/taxonomy/term/14>

13. Difusión, avaliación e modificación do PE

Ao tratarse do documento principal que regula a vida do centro, o PE debe ser coñecido por todas as persoas que forman parte da comunidade educativa, polo que estará dispoñible na aula virtual. A Dirección do centro e o profesorado organizarán e promoverán accións encamiñadas a que este documento sexa coñecido por todo o persoal do centro, o alumnado e as familias.

O proxecto educativo será avaliado, cando menos anualmente, polo Claustro e polo Consello Escolar. Terase en conta ao alumnado, ás familias e ao persoal do centro no proceso de avaliación e nas propostas de mellora.

As modificacións do proxecto educativo teñen que ser aprobadas polo Consello Escolar. A Dirección trasladará os cambios ao Servizo de Inspección Educativa e á comunidade educativa.

14. Lexislación

A continuación, referimos a normativa estatal e autonómica que rexe o noso labor educativo.

Xeral

- Constitución Española de 1978, destacando o artigo 27 que regula o dereito á educación, o artigo 20.1 que establece a liberdade de cátedra e o conxunto de dereitos fundamentais.
- Estatuto de Autonomía de Galicia de 1981, destacando o artigo 31.
- Lei Orgánica Reguladora do Dereito á Educación 8/1985 (LODE).
- Lei Orgánica de Educación 2/2006 de 3 de maio (LOE).
- Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, que modifica a LOE (LOMLOE).

Específica CPI

- Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro, polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias.
- Orde do 3 de outubro de 2000 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 7/1999 polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias.
- Real Decreto 132/2010, de 12 de febrero, por el que se establecen los requisitos mínimos de los centros que impartan las enseñanzas del segundo ciclo de la educación infantil, la educación primaria y la educación secundaria.

Etapas educativa e alumnado

- Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

- Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de Educación Primaria, de Educación Secundaria Obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.
- Real decreto 95/2022, do 1 de febreiro, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da Educación Infantil.
- Real decreto 157/2022, do 1 de marzo, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas da Educación Primaria.
- Real decreto 217/2022, do 29 de marzo, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da Educación Secundaria Obrigatoria.
- Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Convivencia

- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

Linguas vehiculares nas materias

- Lei de normalización lingüística (Lei 3/1983, do 15 de xuño).
- Decreto 79/2010, do 10 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.
- Instrucións para a aplicación do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

- Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se desenvolve o Decreto 79/2014, do 20 de maio, en relación á exención da materia de lingua galega.

Admisión do alumnado

- Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros que imparten as ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato.

15. Anexos

- Documentación histórica da creación do centro educativo

JUNTA MUNICIPAL DE
EDUCACION PRIMARIA
BAYONA

Siendo la misión de esta Junta proteger y fomentar la enseñanza primaria en el municipio, ha llegado a conocimiento de la misma y de la Inspección, que la vecina, que en vida fué de ésta villa, Doña Dolores Agrelo, Q. E. P. D., estableció en su testamento, del que Vd. es digno cumplidor, una cláusula en relación con la enseñanza primaria de las niñas de Bayona, sin que hasta el presente haya tenido efectividad.

Al objeto de informarse de las dificultades que lo hayan impedido, así como de los medios que podían adoptarse para convertir en realidad lo que un día fué vehemente deseo de la testadora, ruego se digne asistir a una reunión que celebrará esta Junta en la Casa Consistorial de Bayona, el próximo día 31 de los corrientes a las 6 de la tarde.

Es lo que tengo a bien comunicarle a los efectos dichos.

Dios guarde a Vd. ms.as.
Bayona 26 de Mayo de 1961.
El Alcalde-Presidente,



Señor Don Carlos Blanco Durán.- B A Y O N A .-



EXCMO. AYUNTAMIENTO

DE

BAYONA

(PONTEVEDRA)

788
30. 5. 1962

Núm.

Ref. 1/M

Participo a V. que en la Sesión Extraordinaria del Ayuntamiento Pleno celebrado el día 16 de los corrientes, fué adoptado el acuerdo siguiente:

"Seguidamente y de orden de la Presidencia, procedí yo Secretario a dar lectura de una comunicación y certificación expedidas por el Secretario de la Junta Municipal de Enseñanza Primaria, de este Término, sobre necesidad por los motivos que expone, de la construcción de Un Grupo Escolar en esta localidad de Bayona, con Cuatro Grados de Niños; Tres de Niñas y Una de Párvulos, formando todo ello, una sola Unidad Escolar, del que la Corporación quedó entera da.-

Seguidamente por la Presidencia se informó ampliamente a la Corporación sobre el contenido y alcance del acuerdo adoptado en su día por la Junta Municipal de Enseñanza Primaria de este Término Municipal, y de la conveniencia de que la Corporación Municipal, adopte un acuerdo solicitando de la Superioridad, la construcción de un inmueble Urbano, que aloje con las debidas condiciones higiénico-pedagógicas la citada Escuela Graduada, con la ayuda económica del legado de Doña. Dolores Agrelo Martinez, y del que es Albacea Testamentario D. Carlos Blanco Durán, vecino de esta Villa, única forma de resolver el problema planteado en este Término y Villa de Bayona, por lo que a Enseñanza Primaria se refiere, y al mismo tiempo cumplir con los fines señalados, con la donante del mencionado legado.- La Corporación por unanimidad y tras amplia deliberación por unanimidad acordó: 1ª Solicitar de la Superioridad, la creación de las siguientes Escuelas en esta Villa de Bayona: Dos de Niños y Dos de Niñas, así como Una de Párvulos; y creando con la que existen actualmente Un Grupo Escolar con 4 grados de Niños, 3 de Niñas y 1 de Párvulos.- 2ª Que con la aportación del Estado y de los bienes de la Fundación de Doña Dolores Agrelo Martinez, se proceda a la construcción de los inmuebles siguientes:

Un inmueble para instalación de una Escuela Graduada, capaz para Cuatro Grados de Niños - Tres Grados de Niñas y Una de Párvulos.

Un inmueble dedicado única y exclusivamente para Comedor Escolar, capaz para quinientos (500) escolares.

Construcción de un Grupo de Ocho (8) Viveindas para los Srs. - Maestros que hayan de atender a la Enseñanza, en dicho Centro Escolar.

Que caso de merecer superior aprobación, lo anteriormente acordado, se constituya un Patronato, compuesto por las personas señaladas en el testamento otorgado por la mencionada Doña Dolores Agrelo Martinez, que desarrolle, cuantos extremos se relacionan, con los anteriormente acordado.-

Que queda investido el Sr. Alcalde-Presidente de este Ayuntamiento, de las más altas facultades, para dirigir cualquier clase de escritos, u documentos, a los Ministerios correspondientes de Gobernación u Educación Nacional, a fin de que lo acordado, tenga una pronta efectividad.-

Lo que participo a V. para su conocimiento y efectos oportunos.- Bayona 27 de Junio de 1.962

EL ALCALDE-PRESIDENTE

Sr. Dn. Carlos Blanco Durán

Carlos Blanco Durán
BAYONA

Bayona de 1.962

ACTA DE OCUPACION

En Bayona, a las 10-30 horas del día veintidós de noviembre de mil novecientos sesenta y siete.

Tiene por objeto esta diligencia la ocupación a que se refiere el punto 6º del artículo 52 de la Ley de 16 de febrero de 1954, habiéndose cumplido previamente todos los trámites señalados en la misma Ley, en relación a la finca urbana situada en la calle Elduayen de la villa y término municipal de Bayona, casa de planta baja y piso alto cuyo fondo mide 195 metros 79 decímetros cuadrados que con un pequeño salido situado al Sur de la misma de 6 metros de ancho, cerrado en verja de hierro de la extensión de 47 metros cuadrados y 40 decímetros, forma una sola finca de la cabida superficial de 243 metros 15 decímetros cuadrados.

La expropiación de dicha finca fue declarada de urgencia por Decreto de 18 de agosto de 1967 y publicado en el Boletín Oficial del Estado número 198 de 19 de agosto de 1967 y Diario Oficial de Marina número 190 de 21 de agosto de 1967.

Concurran al acto:

Por la Administración:

D. RAFAEL DE AGUILAR Y OJEDA, Capitán de Navío, Comandante Militar de Marina de Vigo, como representante de la Administración.

D. MANUEL COPENA ARAUJO, como Alcalde del Excmo. Ayuntamiento de Bayona.

Por los expropiados concurren:

En representación de la Fundación Benéfico-Docente Santísima Virgen de los Dolores el Patrono D. CARLOS ELAICO DURAN, con domicilio en Bayona.

ACIA PREVIA DE OCUPACION

En Bayona a las diez horas del día seis de noviembre de mil novecientos sesenta y siete.

Tiene por objeto la diligencia del levantamiento del acta previa de ocupación del expediente de expropiación forzosa a que se refiere el artículo 52 de la Ley de 16 de febrero de 1954.

FINCA UBICADA situada en la calle Alduayen de la villa y término municipal de Bayona, casa de planta baja y piso alto cuyo fondo mide 195 metros setenta y cinco decímetros cuadrados que con un pequeño recodo situado al Sur de la misma de seis metros de ancho, cerrado en verja de hierro, de la extensión de 47 m² y 40 decímetros, forma una sola finca de la cubda superficial de 243 metros quince decímetros cuadrados. Limita al Norte con la calle de Alduayen; por el Sur o espalda Píscuola de las Monjas o del Convento y terreno a resoldo de finca de Alfonso Martínez; Por el Este o izquierda entrando casa de la Caja de Ahorros y Monte de Piedad Municipal de Vigo; por el Oeste o derecha con casa de los herederos de Manuel Barreiro. Esta finca está inscrita en el tomo 18 de Bayona, folio 150, finca 1805, inscripción 78. Se halla inscrita a nombre de la Fundación benéfico Docente bajo la advocación de la Santísima Virgen de los Dolores, y no aparece gravada con carga alguna.

La expropiación de dicha finca fue declarada de urgencia por Decreto de 18 de agosto de 1967 y publicado en el Diario Oficial del Estado nº 198 de 19 de agosto de 1967 y Diario Oficial de Marina 190 de 21 de agosto de 1967.

Concurren al acta:

Por la Administración: D. RAFAEL DE AGUILAR Y OJEDA, Capitán de Navío, Comandante Militar de Marina de Vigo, como Representante de la Administración.

D. AGUSTIN FURZ BELLAS, Arquitecto como Perito de la Administración, designado al efecto.

-Hoja número 2-

En representación del Excmo. Ayuntamiento de Bayona, como Delegado del Alcalde, el Teniente de Alcalde D. SANTIAGO-PABLO LUYENNA LUYENNA.

Por los interesados concurren:

En representación de la Fundación Benéfico Docente SANTISIMA VIRGEN DE LOS DOLORES el Patrono D. CARLOS BLANCO DURAN y como interesados arrendatarios D. CIPRIANO HERNERA GOMEZ, Capitán de Corbeta, Ayudante Militar de Marina de Bayona y D. CARLOS BLANCO DURAN, ocupante de la parte de la finca.

El precio del arrendamiento de la Ayudantía de Marina de Bayona como Oficinas y Vivienda del Ayudante es el de CINCO SETENTA Y CINCO (75'00) pesetas; fue arrendada desde el 1º de junio del año 1946. (Precio mensual).

D. CARLOS BLANCO DURAN presenta como ocupante de parte de la vivienda escritura de manifestación de herencia y constitución de Fundación como Albacea de la causante, DOÑA BEGONIA AGUIRRE MARTINEZ, de fecha 18 de julio de 1948, autorizada por D. JOSE LARRENBERG MALDONADO, abogado y notario con residencia en La Remallosa. Escritura en la que consta el testamento de la fundadora, de fecha 25 de noviembre de 1947, ante el mismo notario, cuya cláusula tercera dice textualmente: "

"TERCERA: Dispone que todos sus bienes, derechos y acciones se constituya una Fundación dedicada a la enseñanza privada, bajo la advocación de la Santísima Virgen de los Dolores.

Tendrá como sede la casa que la testadora habita en la calle de Viduayan, de la villa de Bayona, dedicándose a viviendas de la Directora y su Ayudante la parte principal del edificio, la cual recibirán mediante inventario del albacea con todos los muebles, ropas y ajuar doméstico que en él exista al fallecimiento de la testadora.

La enseñanza se dará en la planta baja del edificio en su ala derecha entrando, hasta que fallezca su criado D. CARLOS

-Folleto número 1-

BLANCO DURAN, pues cuando este fallecimiento ocurriese se ocupará por la Escuela toda la planta baja. Carlos Blanco habitará mientras viva el ala izquierda.--Tendrán derecho a recibir enseñanza todas las niñas de 14 a 7 años; vecinas o nacidas en el término municipal de Bayona, hijas de padres pobres marineros, labradores y artesanos en general.

La enseñanza será por la mañana de lectura, escritura, reglas aritméticas y demás clases teóricas pertinentes, y por la tarde se enseñará costura y religión, rezándose todas las tardes el Santo Rosario por las intenciones de la testadora.

La Directora y el Ayudante de la Escuela deberán ser gallegas y a ser posible de la provincia de Pontevedra.

Como dotación para la Fundación ^{que} establece a perpetuidad le adjudica en plena propiedad, la casa que la testadora habita, en la calle de Elduayen de esta villa, más el importe de todos los demás bienes, derechos y acciones que la otorgante dejare a su fallecimiento, tanto sitos en España como en el extranjero. Para ello el albacea venderá en subasta pública notarial todos sus bienes inmuebles y sus precios los depositará juntamente con las acciones y obligaciones que posee, depósitos y cuentas corrientes, en el Banco de España a nombre de la Fundación, hasta que disponga la colocación definitiva.

Señá Patrone de la Fundación vitaliciamente D. CARLOS BLANCO DURAN, asistido mientras viva, y sustituido después por los padres de las niñas que requieran educación en la Escuela que funda, siempre que aquellos sean marineros, sepan leer y escribir y no sean alcohólicos.

El líquido imponible asciende a la cantidad de SETECIENTAS CINCUENTA Y OCHO (778'00) pesetas, según escrito de la Delegación de Hacienda de Vigo.


El ocupante D. CARLOS BLANCO DURAN, manifiesta:

"Que los perjuicios por la rápida ocupación serán, primero porque

-Hoja número 4-

tiene aparte de su vivienda, en el piso de arriba, tiene ocupado el patio con alambres para su industria; que la valoración exacta de los perjuicios no puede valorarla en este momento y que dichos perjuicios totales de rápida ocupación los consideraría desaparecidos por conservación, caso de permitírselo, seguir ejerciendo sobre el patio del edificio los mismos derechos que tiene actualmente.

Y en este acto el representante de la Administración da por terminada esta diligencia, firmando a continuación junto con todos los comparecientes en la fecha al principio indicada.



The block contains four handwritten signatures. At the top is a large, stylized signature. Below it, on the left, is a signature that appears to be 'Carpenter'. To the right of that is another signature. Below the 'Carpenter' signature is a signature that appears to be 'Carlos Blaz'. To the right of the 'Carlos Blaz' signature is a signature that appears to be 'Sopale G'.